

JE, TU, IL, ELLE + SAUTE MA VILLE

Chantal Akerman


1072

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2023 | V.O.S.E. | 95 min

Saute ma ville (Chantal Akerman | 1968 | 13 min)
Ópera prima da cineasta belga onde atopamos algunhas das máximas da súa cinematografía: universo autorreferencial, a difícil relación entre o movemento incesante da vida urbana e a quietude, a catividade -case sempre feminina- no fogar, etc.

Je, tu, il, elle (Chantal Akerman | 1974 | 82 min)
Na súa sexualmente provocativa primeira longametraxe, Chantal Akerman protagoniza unha moza sen nome e desarraigada que abandona o illamento autoimposto para embarcarse nunha viaxe por estrada que desemboca en solitarias aventuras amorosas.

Sesión presentada pola xornalista e investigadora Marta Pérez Pereiro



Entrevista con Chantal Akerman: «Traballas coa túa propia experiencia, é todo o que tes»

Por Nicole Brenez

Akerman: Vivía nun faiado sen calefacción. Foi no inverno de 1968, todo estaba xeadado. Vivía no número 86 ou 88 da Rue Bonaparte, e non había auga. En fronte de min vivía unha parella de anciáns, un pintor e a súa muller, en dous faiados nos que viviran toda a súa vida. Eu só tiña unha lámpada que colocaba sobre o meu ventre para entrar en calor. Ía á Cidade Universitaria, paseábame co meu colchón de espuma de tres centímetros de grosor. Alí coñecín moitísima xente, todos estranxeiros, e vivía con eles ou acollíanme. Ás veces tiña que deixar a miña roupa no corredor. O xeo era consistente no cristal da fiestra da miña habitación. Nunca vivín de maneira luxosa, pero en Bruxelas, polo menos, a nosa casa estaba quente. Meu pai debía presentir todo aquilo, pero deixoume marchar; obviamente, sabía que ía amañarme. París era a cidade soñada, a cidade dos escritores, e eu quería dedicarme a escribir en París, vivindo nun faiado. Non en Bruxelas. A miña prima vivía en París, dábame algo de diñeiro por coidar da súa filla. Non collía o metro; camiñaba. Pero sigo sen coñecer París, todo aquilo borrouse.

Tratas esta cuestión da pobreza e da liberdade en moitos dos teus filmes. A *loucura de Almayer* (2011) é un exemplo, cando Nina se escapa do internado e se pasea polas rúas completamente desprovista. Si, por suposto. Traballas coa túa propia experiencia. É todo o que tes. Despois, vivín na Rue Croulebarbe, no mesmo edificio que François e Noëlle Châtelet. Vivía con Alex, un mozo que estaba aprendendo chino e estudando a obra de Lao-Tse. Ía a Vincennes a escoitar a Deleuze e a Lacan. Lacan era moi sarcástico, sobre todo coas rapazas; repetía as súas preguntas para burlarse delas e ridiculizalas. Xa comezara cos seus nós borromeos, ninguén o entendía. A Deleuze só o vin unha vez, non o lembro ben, pero si a atmosfera: era alegre, apaixonado, divertido. Coñecín a Alex cando tiña 13 anos, a través do DROR, un movemento xudeu sionista-socialista. Alex tiña unha pequena axuda para vivir, e veu comigo. Tiña un pequeno forniño e eu mercaba o que estivera máis barato, como cenorias e arroz; todo era moi monótono. Había duchas e calefacción de chan, que a ninguén lle gustaba. Alex quería levarme en autostop a Xapón, pero deixeiño. Era guapo, a pesar do seu acné. Suicidouse. Sóubeno mentres estaba facendo cola para ver un filme. Outro que se quería converter en Rimbaud. Falaba moi pouco sobre si mesmo.

Cando estabas no teu faiado, que escribiches? Escribín *Je, tu, il, elle*, pero en forma de relato, non como un filme. Uns anos despois [1974] fixen o filme. Fixen autostop para volver a Bruxelas e ver esa rapaza, Claire, que sae no filme, e vivín todo tipo de aventuras cos camioneiros que me recolleron en autostop. Era perigoso, pero é así como viviamos nesa época. Tamén lle axudei ao meu curmán Jonathan a escribir unha obra teatral sobre Van Gogh, e lin as cartas de Vincent a seu irmán Theo. Logo derrubeime, rapei o pelo; volví á casa, e meu pai quedou en shock. Foi, por suposto, un acto de automutilación.

Publicado orixinalmente con motivo da 49ª edición da Viennale: Nicole Brenez, *Useful Book #1: Chantal Akerman. The Pajama Interview*. Ed. Filmmuseum, Viena, 2011. Recuperado de elumiere.net



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

Una familia en Bruselas,
Chantal Akerman.
Tránsito, 2021

Mi madre se ríe,
Chantal Akerman.
8mm, 2019

Nada Ocurre.
Hiperrealismo cotidiano
en Chantal Akerman
Ivone Margulies.
8mm, 2018